



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en man común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de montes)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC
da provincia de Pontevedra)

Víctor Abelleira Argibay
(Representante do colexio de
avogados da provincia)

VOGAIS REPRESENTANTES DA CMVMC DE MOUGAS (OIA)

Non asisten

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria
adscrita ao Servizo xurídico administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do día 02/10/2018 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda. María Victoria Moreno, o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre resolución do expediente de clasificación do monte denominado “ **Chelo**”, na parroquia de Mougas, solicitado pola CMVMC de Mougas (Oia)

Antecedentes de feito:

Primeiro. Con data do 10/06/2016, O presidente da comunidade de montes en man común (en diante CMVMC) de Mougás, Concello de Oia, solicita a clasificación como montes veciñais en man común (en diante MVMC) as parcelas Cabezo e Chelo a favor dos veciños da Parroquia de Mougás. Coa solicitude xunta:

- Levantamento topográfico dos montes Cabezo e Chelo.
- Declaración do uso e aproveitamento consuetudinario en man común dende tempos inmemoriais polo conxunto dos veciños da parroquia de Mougás, en igualdade de dereitos e deberes e sen ningún predominio de uns sobre os outros. Sen asignación de cotas, destacando historicamente a extracción de leñas para consumo familiar e a recollida de esquilmes de toxo, froume e fentos para cama do gando. Na actualidade, tamén en común, o aproveitamento é a obtención de resinas dos piñeiros situados en ditas parcelas.

Segundo. Á vista da documentación aportada pola comunidade solicitante e o informe do Servizo de Montes, o monte Chelo, obxecto do presente expediente, obedece á seguintes descrición:

Concello: Oia

Parroquia: Mougás

Nome do monte: Chelo

Cabida: 2.700 m² (superficie alegada na solicitude)

Estremas:

Norte	Polígono	Parcela	Titulares
	-----	-----	Pistas forestais
Sur	Polígono	Parcela	Titulares
	11	203	José Pombal Crespo
	11	208	Maximino Salcidos Domínguez Guadalupe Salcidos González
	11	1060	Josefina Flores Trigo
Leste	Polígono	Parcela	Titulares
	4	67	Miguel González Ricoy
	4	70	José Antonio González Rodríguez
	4	72	Tomás Domínguez Fagundez
	4	74	Herdeiros de Filomena Domínguez Durán
	4	122	Comunidade de Montes de Mougás
Oeste	Polígono	Parcela	Titulares
	11	1037	José Pombal Crespo
	11	1055	Herdeiros de Ascensión Domínguez Lorenzo
	11	1056	Herdeiros de Gloria González Rodríguez
	11	1058	Elia Fernández González
	11	1059	Herdeiros de Gloria González Rodríguez
	11	1061	Herminia Pulido Álvarez



Terceiro. Con data do 28/06/2016, o xefe da Sección de Topografía informa que a planimetría achegada permite identificar as parcelas Cabezo de 2,6721 has., e Chelo de 0,2743 has., da non afección a montes de Utilidade Pública nin Patrimoniais e xunta montaxe as ditas parcelas sobre: esbozo do estudo previo, antigo monte de UP núm.482, ortofoto e catastro.

Cuarto. Con data do 14/06/2017, o Xurado de MVMC de Pontevedra acorda non incoar a clasificación da parcela Cabezo por entender que xa estaría clasificado dentro do monte Pousadoira (segundo estudo previo da clasificación dos Montes de Mougás e resolución do Xurado de MVMC de Pontevedra do 28/01/1983), incoar expediente de clasificación da parcela Chelo e nomear instrutora a Amalia Elsa Pazos Pintos. Este acordo notificase o 22/06/2017 ao Concello de Oia e con data do 26/06/2017 ao promotor da clasificación.

Quinto. Con data do 28/11/2017, a xefa de Área de MVMC emite informe preceptivo do Servizo de Montes da finca Chelo:

“A parcela Chelo corresponde coa totalidade da parcela catastral 36036A001101064 de 966 m2 e parte da parcela 36036A00400122 de 2.194 m2, ambas coa CMVMC de Mougás como titular catastral. Estas parcelas catastrais están moi preto das parcelas 509, 510 e 919 do polígono 11 a nome da CMVMC de Mougás, aínda que non son lindeiras con elas.

O monte solicitado para a súa clasificación está moi preto do límite do croquis da carpeta ficha e do antigo monte de Utilidade Pública núm.482 (segundo informe de topografía).

Á parcela accédese por un camiño de terra dende a estrada do Galgueiro. Está bordeada por todos os seus ventos por este camiño de terra e restos dun muro de pedra.

Poboada por masa mixta de carballo, castiñeiro, sobreira e como especie principal fustal de piñeiro.

O estrato arbustivo formado por toxos, fentos, hedra e silva.

No momento da inspección se aprecia que hai aproveitamento de resina do piñeiro”

Sexto. Con data do 15/12/2017, o Rexistro da Propiedade de Tui certifica que a finca da que se insta a clasificación, coa información facilitada, non se atopa inscrita no Rexistro. Ordénase as anotacións preventiva no Rexistro da Propiedade de Tui, notificase o trámite de audiencia, publícase edicto no Concello de Oia e no DOG o anuncio do 16 de xaneiro de 2018 polo que se inicia a clasificación do monte Chelo a favor da CMVMC de Mougás (DOG núm.21, do 30 de xaneiro).

Sétimo. Durante o período do trámite de audiencia non se reciben alegacións de terceiros afectados nin da CMVMC de Mougás. Con data do 08/06/2018 o Xurado de MVMC de Pontevedra solicita proposta de resolución de clasificación da parcela Chelo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter segundo o establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. O artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común define o monte veciñal en man común:

“Son montes veciñais en mano común e se rexerán por esta Lei os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños”.

Deste xeito para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só nun pasado, senón tamén no presente e de forma continuada, así o establece o antedito artigo 1 da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluíndo que o decisivo para a inclusión dun monte na categoría de veciñal en man común, é que resulte acreditada a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños promotores de xeito continuado.

Terceiro. O uso ou aproveitamento en man común da parcela Chelo queda suficientemente acreditado pola declaración de antigos usos tradicionais e o uso actual de extracción de resinas do piñeiro.


Finalmente, o feito de que durante a tramitación do expediente non consten alegacións á clasificación como MVMC de terceiros que acreditasen un uso privativo destas parcelas demostra que existe un aproveitamento público, pacífico e continuado en común por parte dos veciños da parroquia de Mougás, Concello de Oia.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, **O XURADO** provincial por unanimidade dos seus membros **ACORDA:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte **Chelo**, a favor da **CMVMC de Mougás**, da parroquia de Mougás, Concello de Oia, de acordo coa descrición reflectida no feito segundo e na planimetría elaborada para o efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.





Monte Chelo
2.743 m²

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA	
Clasificación do monte "CHELO"	
Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Mougás	
Oia	Escala: 1:500 Outubro - 2013

[Handwritten signature]

